



CENTRO DE
ESTUDOS
COOPERATIVOS
DE GALICIA

CENTRO DE ESTUDOS COOPERATIVOS DE GALICIA (CECOOP). MEMORIA DE ACTIVIDADES DO 2025

O CECOOP é un Centro de investigación propio da Universidade de Santiago de Compostela que ten como finalidade, entre outras, promover e desenvolver o coñecemento, a investigación e a difusión das materias vencelladas co cooperativismo e coa Economía Social, establecendo vínculos con outras organizacións e entidades que teñan fins e obxectivos converxentes cos do CECOOP de ámbito galego, nacional e internacional.

Consonte cos seus obxectivos, o CECOOP ten levado ao longo do ano 2025 un conxunto de actividades, esencialmente coincidentes coas especificadas no CONVENIO de colaboración asinado entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a USC e no Convenio para a creación do Portal Estatístico da Economía Social en Galicia (GALESTAT), que a efectos da súa sistematización agrúpanse tradicionalmente en catro bloques: actividades de carácter científico e de investigación, actividades de formación, difusión e divulgación, actividades de promoción do coñecemento xurídico e actualización normativa e as de dotación de material (bibliografía especializada e mantemento da Web). Nesta memoria, incorporamos, un quinto bloque para recoller as actualizacións do GALESTAT.

ACTIVIDADES DESENLORADAS POLO CECOOP NO ANO 2025

a) Promoción da investigación en materia de economía social

1.- Participación activa en sesión de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC Internacional, do Observatorio Iberoamericano del Empleo e da RED UNIES

Asistencia ás reunións que foron convocadas para establecer as liñas de actuación do CIRIEC, en canto o CECOOP forma parte da Comisión Executiva e do Consello de Dirección de CIRIEC España, así como dos Consellos das revistas académicas: “CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa” e “CIRIEC-España, Revista Jurídica de Economía Social y Cooperativa”. Este ano as reunións foron presenciais. Así mesmo, asistimos as reunións convocadas polo Observatorio Iberoamericano del Empleo y la Economía Social y Cooperativa (OIBESCOOP).

María Bastida, Alberto Vaquero, Miguel Ángel Vázquez Taín y Marisa Del Rio Araujo (2025). The broad spectrum of sustainability and the social economy: Perspectives from bibliometric data. *Journal of the Knowledge Economy*, 16 (2), 10811-10840. (<https://link.springer.com/article/10.1007/s13132-024-02222-2>)

María Bastida, Miguel Ángel Vázquez Taín, Alberto Vaquero, y Marisa Del Rio Araujo (2025). Gender blindness in the 'Next Generation European Union' funds: Projects for Economic Recovery and Transformation social economy as an exception to the rule. *Annals of Public and Cooperative Economics*, 96, 487-511. (<https://onlinelibrary.wiley.com/doi/pdf/10.1111/apce.70000>)

Miguel Ángel Vázquez Taín, María Bastida, Alberto Vaquero y Maite Cancelo (2025). Tributación efectiva de las Cooperativas en el Impuesto sobre Sociedades: evaluación y cuantificación de los beneficios fiscales para el caso español. REVESCO. Revista de Estudios Cooperativos. <https://dx.doi.org/10.5209/REVE.102340>

Maite Cancelo y María Bastida (2025). Segunda Estrategia gallega de Economía Social. Horizonte 2027. En: Rafael Chaves, Felipe Palau, Belén Catalá y Carlos Javier Correcher (coords.): *Fomento de la economía social: instrumentos fiscales y de políticas públicas: La administración pública y la economía social: aliados para una prosperidad inclusiva*. Ed. Centro Internacional de Investigación e Información sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa, CIRIEC, 79-88.

Maite Cancelo, Rosario Díaz-Vázquez, Pilar Expósito-Díaz y Emilia Vázquez-Rozas (2025). La contratación reservada como instrumento para el impulso de los objetivos sociales de las entidades de la economía social en Galicia: 2016-2023. En: Rafael Chaves, Felipe Palau, Belén Catalá y Carlos Javier Correcher (coords.): *Fomento de la economía social: instrumentos fiscales y de políticas públicas: La administración pública y la economía social: aliados para una prosperidad inclusiva*. Ed. Centro Internacional de Investigación e Información sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa, CIRIEC, 407-432.

María Bastida, Miguel Ángel Vázquez Taín, Marisa Del Rio Araujo y Alberto Vaquero (2025). La ceguera de género en los Fondos 'Next Generation EU': El PERTE de Economía Social como excepción a la norma. En: Rafael Chaves, Felipe Palau, Belén Catalá y Carlos Javier Correcher (coords.): *Fomento de la economía social: instrumentos fiscales y de políticas públicas: La administración pública y la economía social: aliados para una prosperidad inclusiva*. Ed. Centro Internacional de Investigación e Información sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa, CIRIEC, 539-568.

3.- Fomento da participación de investigadores do CECOOP en actividades de docencia e formación de investigadores, así como na publicación dos resultados das súas investigacións e a presentación destas en congresos científicos.

Participación de investigadores do CECOOP en Congresos:

XX Congreso Internacional de investigadores en Economía Social. “Universidad y Economía Social: Ciencia, innovación y conocimiento para enfrentar la policrisis”, celebrado en Jaén os días 2,3 e 4 de abril de 2025 e organizado por CIRIEC-España e a Universidade de Jaén. A directora do CECOOP, Maite Cancelo formou parte do Comité Científico do Congreso, participou na mesa redonda “Producción científica del CIRIEC: la investigación en economía social” e moderou o Taller: Medir en economía social. Estadísticas e impacto

No congreso, presentouse, ademais, a seguinte comunicación:

María Bastida, Marisa del Rio y Miguel Ángel Vázquez Taín. Valores de la Economía Social e impacto en la pasión por el trabajo.



VIII Congreso Internacional de Economía Social EESCOOP. "Las Empresas de la Economía Social: desde la actividad tradicional hacia la innovación tecnológica y social", celebrado na Illa de San Simón (Redondela) os días 12 e 13 de xuño e organizado pola Escola de Especialización Profesional en Economía Social, Cooperativas y Otras Organizaciones de Participación (EESCOOP) e a Facultade de Comercio da Universidade de Vigo.

No congreso presentouse o seguinte traballo

Maite Cancelo, Rosario Díaz-Vázquez y Emilia Vázquez Rozas: Reacción del empleo de las cooperativas españolas en la crisis de la COVID-19.



EESCOOP2025

O VIII Congreso Internacional de Economía Social EESCOOP (Escola de Especialización Profesional en Economía Social, Cooperativas e Outras Organizacións de Participación) terá lugar os días 12 e 13 de xuño de 2025 na Illa de San Simón (Redondela).

Outros:

- A directora do CECOOP e a investigadora do mesmo, a profesora María Bastida, forman parte do consello de redacción da revistas *CIRIEC-España*, *Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*. A directora do CECOOP, ademais é membro do equipo editorial da *Revista CIRIEC Costa Rica*.

4.- Fomento da participación de estudantes universitarios en traballos de investigación ou estudos especializados

Neste apartado recollemos a oferta de Traballos de Fin de Grao, e traballos xa presentados no último curso, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, relacionados co estudo do cooperativismo e outras fórmulas de Economía Social:

Defendidos no curso 2024-25

- Análise da Economía Social en Galicia: Arroupa, modelo de inserción laboral en Galicia. Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- Análise dos centros especiais de emprego en Galicia. Oportunidades e desafíos. Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- A economía social en España: as empresas de inserción. Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- O cooperativismo agroalimentario galego. Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- Análise do impacto económico e social das cooperativas. Titora: Loreto Fernández Fernández. Grao en ADE
- Fiscalidade empresarial. Réxime fiscal das cooperativas. Titor: Miguel Ángel Vázquez Taín. Grao en ADE

- Economía Social. Centros Especiais de Emprego con ánimo de lucro. Titora: Pilar Expósito. Grao en Economía.
- Economía Social. Centros Especiais de Emprego sen ánimo de lucro. Titora: Pilar Expósito. Grao en Economía.
- Análise Económico- Financeiro de COREN. Titor: Óscar Suárez Fernández.

Ofertados no curso 2025-26

- Análise da Economía Social en Galicia (I). Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- Análise da Economía Social en Galicia (II). Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- Análise da Economía Social en Galicia (III). Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- Análise da Economía Social en Galicia (IV). Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- Análise da Economía Social en Galicia (V). Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- Análise do cooperativismo galego. Maite Cancelo e Emilia Vázquez. Grao en ADE
- Os Centros Especiais de Emprego: un estudio económico-financiero. Titora: Pilar Expósito. Grao en ADE.
- Financiación ética e economía social en Galicia. Titora: Loreto Fernández Fernández. Grao en ADE
- Fiscalidade empresarial. Réxime fiscal das cooperativas. Titor: Miguel Ángel Vázquez Taín. Grao en ADE
- Economía Social. Centros Especiais de Emprego con ánimo de lucro. Titora: Pilar Expósito. Grao en Economía.
- Economía Social. Centros Especiais de Emprego sen ánimo de lucro. Titora: Pilar Expósito. Grao en Economía.

5.- Elaboración e mantemento dun repositorio de traballos de investigación publicados ou en curso

Os traballos publicados polos investigadores do CECOOP poden atoparse, sempre que estean dispoñibles, na web do Centro de estudos no apartado Publicacións.

6.- Elaboración dun informe sobre a Economía Social en Galicia cos datos de 2024, continuando cos elaborados para os anos 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

O Informe sobre a Economía Social en Galicia 2024 actualiza a principal información recollida no Libro Branco da Economía Social de Galicia, e os Informes dos anos 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023. Foi entregado á Consellería

en formato papel e PDF e se atopará dispoñible na web do CECOOP, despois da presentación do mesmo.



b) Realización de actividades de formación, difusión e divulgación

7.- Organización de actividades na Universidade de Santiago de Compostela dentro da “VI Semana Universitaria de Economía Social” na semana do 24 de marzo ao 03 de abril, organizada polos Centros e Institutos de Investigación adheridos a RED ENUIES

A “Red Española Interuniversitaria de Institutos y Centros de Investigación en Economía Social” (ENUIES) e CIRIEC-España acordaron que a última semana do mes de marzo de cada ano dedicárase á celebración da “Semana Universitaria da Economía Social” .

Así, cada centro está a organizar un conxunto de as actividades, en función dos seus obxectivos, recursos e dispoñibilidade: Conferencias, charlas na aula, mesas redondas de entidades, cinema-fóruns, cafés-faladoiro, exposicións, presentacións de libros, presentacións de resultados de proxectos de investigación, feiras, talleres ou formacións específicas, entre outras.

Desde a rede trátase de xerar sinerxias para a comunicación e o impacto destas actividades, así como entre os centros e investigadores participantes, que estaremos a contribuír a unha acción colectiva que beneficiará ao conxunto da Economía Social e á imaxe que este sector ten no ámbito universitario e na sociedade.

O Centro de Estudos Cooperativos da USC, que forma parte da Red ENUIES, elaborou, coa colaboración da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co sector, coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e co profesorado, un conxunto de actividades a desenvolver englobadas en catro bloques.

Nesta semana tiveron lugar máis de 120 actividades en 35 universidades españolas e de iberoamérica.

Na Universidade de Santiago de Compostela unha vintena de profesores e profesoras achegando a ES a máis de 600 estudantes de Economía, ADE, Dereito e Relacións Laborais.

O acto central en Santiago de Compostela desenrolouse o día 26 de marzo de 2025 ás 13h na Aula B da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e contou coa presenza de 300 estudantes.

Interviñeron: Marta Mariño (Directora Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia), Mino Martínez (Presidente do Foro Galego pola Economía Social), Pilar Murias (Vicerreitora de Estudantes da USC), Romina García (Vicedecana da Facultade) e a directora do CECOOP, Maite Cancelo.

Neste acto, Mino Martínez falou sobre “Que é a Economía Social?” e presentou a catro entidades das principais familias da ES galega que expuxeron aos estudantes o seu modelo empresarial:

- Carlos Carrión. Sociedad Cooperativa Vitivinícola Arousana (bodegas Paco & Lola).
- Xosé Lois Lamazares. Lugar da Veiga SLL (galletas Mariñeiras).
- Rosa Gutiérrez. Coregal. Centro Especial de Emprego
- Víctor Manuel Blanco .Primicias Raiña Empresa de Inserción Laboral.

Asemade no acto central presentouse o Portal Estatístico da ES en Galicia (GALESTAT).



Actividades nas aulas de diversas materias

Datas: do 26 de marzo ao 3 de abril de 2025

Nesta actividade, na que participaron profesores de varias materias dos graos de Economía, Administración e Dirección de Empresas, Relacións Laborais e dobre grao en Dereito e Relacións Laborais e que abordaron o concepto e cuantificación da Economía Social galega desde o punto de vista da política económica, o dereito do traballo, o desenvolvemento económico, a

sustentabilidade, a econometría e organización de empresas, incorporando de forma transversal estes conceptos nas clases interactivas das respectivas materias, o que se resume no seguinte cadro:

Título	Responsables	Breve descripción	Titulaciones
A ES en Galicia: unha modelización econométrica da creación de cooperativas	Eva Aguayo Maite Cancelo Emilia Vázquez	Nas materias de Econometría II Analizouse o último informe da ES en Galicia 2023. Tamén se traballou na modelización econométrica da creación de cooperativas	3º GECO y 3º GADE
A Economía Social na aula: unha visión autonómica	Diego Sande	Na materia Política Económica os alumnos traballaron en grupos e expuxeron as principais características e datos das principais familias da ES	2º GADE
A Economía Social en el aula: análise dende a perspectiva da sustentabilidade	Rosa Regueiro	Os estudantes realizaron unha selección das entidades de economía social que en Galicia colaboraron de forma significativa á sustentabilidade ambiental.	4º GECO
A Economía Social en el aula: Economía Social y desenvolvemento rexional e local	Carmela Sánchez Carreira	Os estudantes realizaron unha selección das entidades de economía social que en Galicia colaboraron de forma significativa á sustentabilidade ambiental.	3º GECO

La Economía Social en el aula: Una aproximación a la Seguridad Social en las cooperativas de trabajo asociado	Alicia Villalba Sánchez	Na sesión expositiva abordouse o eventual encadramento do traballo realizado nas cooperativas de traballo asociado xestionado a través de plataformas dixitais	3º Grao en RRLL e 4º dobre grao en RRLL e Dereito
La Economía Social en el aula: Jornada Wrap Up del proyecto APS “La dimensión financiera y de gobernanza en las entidades de Economía Social”	Loreto Fernández Fernández	Esta jornada tiene por objetivo mostrar los resultados del proyecto ApS sobre Economía Social que se desarrolló durante el primer cuatrimestre del curso actual con el alumnado de dos asignaturas de 1º y 4º del Grado de ADE de la USC.	1º y 4º GADE

8.- Participación, en coordinación co CIRIEC, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e outras entidades, na organización de seminarios, xornadas e outras actividades

- Colaboración con Espazocoop e Agaca na difusión de becas para estudantes para a realización de prácticas de entidades destas asociacións.

Prensa

Elaboráronse comunicacións á prensa e para os boletíns informativos de CIRIEC- España das actividades da VI SUES. A continuación recóllense o resumo do seu impacto:

<https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/nova/011130/xunta-impulsa-visibility-crecimiento-economia-social-traves-del-nuevo-portal>

<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/nace-galestat-man-usc-primeiro-portal-estadistico-economia-social-galicia>

<https://ecobas.gal/events/presentacion-do-informe-da-economia-social-en-galicia-2023/>

<https://www.eusumo.gal/usc-participa-na-vi-semana-universitaria-da-economia-social>

<https://observatorioeconomiasocial.es/el-centro-de-estudios-cooperativos-cecoop-de-la-universidade-de-santiago-de-compostela-presenta-el-portal-estadistico-galestat/>

<https://www.diariodesantiago.es/portada/a-facultade-de-ciencias-economicas-e-empresariais-acolle-a-presentacion-do-informe-da-economia-social-en-galicia-2023/>

<https://codigocero.com/A-USC-activa-GALESTAT-o-primeiro-portal-estadistico-da-economia-social-en>

<https://www.g24.gal/-/a-vi-semana-universitaria-da-economia-social-por-maite-cancelo>

9.- Coordinación e proposta de actividades da Rede Eusumo na Universidade de Santiago de Compostela.

O CECOOP é o encargado na USC da coordinación e proposta de actividades da Rede Eusumo. Neste ano non se recibiu ningunha proposta por parte da Rede.

c) Promoción do coñecemento xurídico e actualización normativa

10.- Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, que se actualizará cunha periodicidade mínima mensual.

Sentenza do Tribunal Supremo (Contencioso-Administrativo), sec. 3ª, do 16-10-2025, nº 1302/2025, rec. 6815/2022

A regulación da reserva dos contratos públicos ou dalgún lote dos mesmos a favor dos Centros Especiais de Emprego de iniciativa social recollida na disposición adicional cuarta e na disposición final décimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non vulnera o principio de igualdade de trato nin o principio de proporcionalidade que se enumeran no artigo 18, apartado primeiro, da Directiva 2014/2024/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE, como principios xerais da contratación pública.

Non é arbitraria nin carece de xustificación a opción do lexislador nacional recollida na disposición adicional cuarta e na disposición final décimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que excluíu da reserva dos contratos públicos aos centros especiais de emprego de iniciativa empresarial.

A reserva dos contratos públicos a favor dos centros especiais de emprego de iniciativa social estableceuse para alcanzar unha finalidade que é lexítima atendendo aos principios recolleitos tanto no artigo 49 da Constitución como na Directiva 2014/2024/UE, como é a integración social e laboral das persoas con discapacidade que pode obterse de maneira máis eficiente e beneficiosa para ese colectivo atendendo exclusivamente a criterios plenamente obxectivos como son as características específicas que teñen os centros especiais de emprego de iniciativa social.

Sentenza do Tribunal Supremo (Civil), sec. 1ª, do 28-04-2025, nº 634/2025, rec. 6243/2020

O recurso de casación interpúxose nun litixio promovido por nove cooperativistas contra o banco receptor das súas achegas con base no art. 1-2.ª da Lei 57/1968, e (como no recurso resolvido pola sentenza da sala 498/2024, do 15 de abril, en que foron parte recorrida o mesmo banco e parte recorrente outros cooperativistas da mesma cooperativa e promoción), a controversia en casación redúcese, a teor da razón decisoria da sentenza recorrida para desestimar a demanda, á cuestión de se dita lei é aplicable ao caso, considerando que a cooperativa promovía a construción das vivendas nunha parcela sobre a que ostentaba un dereito de superficie.

O problema xurídico consiste en se procede aplicar a Lei 57/1968 a un caso en que as vivendas promovidas pola cooperativa non estaban destinadas a ser entregadas en propiedade aos demandantes, o que permitiu á entidade recorrida opoñerse ao recurso con pleno e cabal coñecemento da devandita cuestión xurídica, sendo tamén notorio o interese casacional na modalidade de xurisprudencia contradictoria das Audiencias Provinciais, pola existencia de respostas diferentes de seccións da Audiencia Provincial de Madrid ao mesmo problema xurídico.

Os motivos alegados no recurso foron estimados, fundaméntase en que a lei é aplicable a toda promoción de vivendas, incluíndo as realizadas por cooperativas con dereito de superficie, sempre que as vivendas estean destinadas a uso residencial. Considérase que a natureza xurídica da cesión temporal non exclúe a protección legal, e que as achegas realizadas polos cooperativistas foron ingresadas en contas da entidade bancaria que coñecía ou debía coñecer a súa finalidade, polo que a entidade bancaria debe responder pola falta de garantías e a frustración do proxecto. Ademais, confírmase que os intereses legais devéñanse desde a data de cada anticipo. En consecuencia, desestímase o

recurso de apelación do banco e impóñense as costas de segunda instancia á entidade demandada, sen costas no recurso de casación.

Sentenza do Tribunal Supremo (Civil), sec. 1ª, 22-04-2025, nº 616/2025, rec. 6211/2020

O presente litixio parte dunha demanda interposta contra unha entidade de crédito solicitando a restitución de cantidades entregadas a conta da construción da súa vivenda, xunto cos intereses legais desde a data de cada entrega. A demanda foi inicialmente desestimada en primeira instancia, pero en apelación estimouse parcialmente, condenando á entidade para abonar unha cantidade menor á reclamada e fixando o inicio do pagamento de intereses desde a data da demanda. O demandante recorreu en casación alegando que o pagamento de intereses debía computarse desde cada entrega anticipada, conforme á Lei 57/1968 e a xurisprudencia do Tribunal Supremo.

A Sala estima o recurso de casación interposto polo demandante, considerando que conforme á xurisprudencia reiterada, os intereses legais nestes casos son remuneratorios e deben devindicarse desde a data de cada entrega anticipada. Conclúese que a sentenza recorrida incorreu en erro ao fixar o inicio do pagamento de intereses desde a data da demanda. Non procede impoñer costas en ningunha instancia debido á estimación parcial do recurso de apelación e a desestimación parcial da demanda. O fallo casou a sentenza recorrida en canto ao pronunciamento sobre intereses, fixando o comezo do pagamento nas datas de entrega das cantidades anticipadas, confirmando o resto da sentenza.

Sentenza do Tribunal Supremo (Civil), sec. 1ª, S 21-04-2025, nº 588/2025, rec. 4150/2020

Unha compradora subscribiu un contrato privado de compravenda cunha promotora inmobiliaria para a adquisición dunha vivenda en construción, realizando pagos anticipados por un total de 18.970,95 euros mediante letras de cambio libradas pola promotora e aceptadas pola compradora. Estas letras foron cobradas pola promotora e posteriormente ingresadas nunha conta bancaria da promotora nunha entidade de crédito, sen que existise un contrato de desconto entre a promotora e dita entidade, nin indicacións claras que relacionasen os ingresos con anticipos de compravenda.

A Sala estima o recurso de casación interposto pola entidade bancaria, absolvéndoa das pretensións deducidas na súa contra. Fundaméntase en que non se probou que o banco coñecese ou debese coñecer que os ingresos realizados na conta da promotora correspondían a anticipos de compravenda, dado que a conta non estaba destinada exclusivamente a tal fin e os ingresos carecían de indicacións que permitisen identificar a súa natureza. Por tanto, non se pode estender a responsabilidade do banco máis aló do establecido na xurisprudencia, que esixe un coñecemento ou deber de coñecemento efectivo da natureza dos ingresos para imputar responsabilidade do artigo 1-2.ª da Lei

57/1968. En consecuencia, casa parcialmente a sentenza de apelación e desestímase integramente a demanda contra o banco, impondo á demandante as costas da primeira instancia causadas ao banco e sen condena en costas en segunda instancia nin en casación.

A responsabilidade do banco receptor non é automática pola mera titularidade da conta por unha promotora inmobiliaria, senón que require que o banco coñeza ou deba coñecer a natureza dos ingresos, evitando impoñer un deber fiscalizador excesivo e inquisitivo sobre calquera ingreso en contas de promotoras con múltiples finalidades.

Sentenza do Tribunal Supremo (Civil), sec. 1ª, 19-03-2025, nº 442/2025, rec. 197/2021

As demandantes subrogáronse na posición dun cooperativista mediante un contrato datado o 7 de xullo de 2011 para a adquisición dunha vivenda promovida por unha cooperativa que xa obtivera a licenza de primeira ocupación o 5 de xullo de 2011. Posteriormente, o 17 de outubro de 2011, solicitaron a súa baixa voluntaria da cooperativa alegando a imposibilidade de obter financiamento para a compra da vivenda. A cooperativa presentou concurso voluntario meses despois e non restituíu as cantidades anticipadas ás demandantes. As demandantes interpuxeron demanda contra as entidades bancarias onde a cooperativa tiña abertas as contas para os anticipos, reclamando a restitución das cantidades con base na responsabilidade das devanditas entidades por non esixir o cumprimento das obrigacións legais da cooperativa. A sentenza de primeira instancia estimou a demanda e condenou ás entidades para restituír as cantidades con intereses, decisión que foi confirmada en apelación. Banco Santander recorreu en casación e por infracción procesual, alegando que a vivenda xa estaba terminada e que a baixa non se baseou en incumprimento da cooperativa senón na imposibilidade de pago.

A Sala desestima o recurso extraordinario por infracción procesual e estima o recurso de casación interposto por Banco Santander. Conclúese que a responsabilidade prevista na Lei 57/1968 non é aplicable cando a subrogación na cooperativa prodúcese tras a concesión da licenza de primeira ocupación e a baixa voluntaria dos cooperativistas non se fundamenta en incumprimento da cooperativa senón en causas alleas como a imposibilidade de financiamento. A sentenza de apelación que confirmara a condena a Banco Santander casa e revoga parcialmente, desestimando a demanda contra a devandita entidade. Non se impoñen costas polo recurso de apelación nin pola intervención en primeira instancia de Banco Santander, dada a complexidade e particularidades do caso. En definitiva, recoñécese que a garantía de restitución de cantidades anticipadas non subsiste cando a rescisión do contrato non se debe a incumprimento do vendedor senón a vontade do comprador ou mutuo disenso sen incumprimento.

Sentenza do Tribunal Supremo (Civil), sec. 1ª, 19-03-2025, nº 446/2025, rec. 5119/2019

O demandante subscribiu en 2004 un contrato de adhesión a unha cooperativa para a adquisición dunha vivenda, realizando pagos anticipados a través dunha conta aberta en Banco Santander. En 2008 solicitou a baixa da cooperativa alegando motivos económicos, e a cooperativa devolveulle parcialmente 10.000 euros, sen restituír o resto das cantidades entregadas. A cooperativa non contratara aval ou seguro que garantise a devolución das devanditas cantidades. O demandante reclamou xudicialmente a Banco Santander a restitución das cantidades ingresadas, baseándose na Lei 57/1968. A primeira instancia estimou a demanda, pero a Audiencia Provincial revogou a sentenza e desestimou a demanda, argumentando que a baixa se solicitou por motivos económicos e non por incumprimento da cooperativa, polo que non procedía a responsabilidade do banco. O demandante interpuxo recursos extraordinario por infracción procesual e de casación, que foron finalmente desestimados.

A Sala desestima os recursos interpostos polo demandante, confirmando a sentenza da Audiencia Provincial que absolveu ao banco demandado. Fundaméntase en que o demandante solicitou a baixa da cooperativa por razóns económicas e non por incumprimento da cooperativa na entrega ou inicio da vivenda, polo que non se configura a causa que activa a garantía de devolución prevista na Lei 57/1968. A xurisprudencia citada establece que a garantía só opera en caso de incumprimento do vendedor ou cando a construción non chega a bo fin, non en supostos de renuncia voluntaria do comprador. Por tanto, non procede esixir ao banco a restitución das cantidades anticipadas. O fallo é de desestimación dos recursos e condena ao recorrente ao pago das custas procesuais.

Sentenza do Tribunal Supremo (Civil), sec. 1ª, 18-03-2025, nº 430/2025, rec. 3210/2020

En 2005 constituíuse unha cooperativa para a construción de vivendas protexidas, abrindo unha conta especial nunha entidade bancaria para o ingreso de cantidades anticipadas dos socios. A cooperativa concertou un aval solidario coa entidade para garantir a devolución das cantidades anticipadas en caso de incumprimento. Posteriormente, parte dos fondos depositados na conta especial foron destinados á compra dunha parcela comercial, decisión adoptada en asembleas de socios, con coñecemento e consentimento dos mesmos. Os socios demandantes reclamaron contra a entidade bancaria, sucesora da caixa de aforros, alegando que esta incumpriu o seu deber de control ao permitir que os fondos se destinasen a un fin distinto ao da construción das vivendas, solicitando a restitución das cantidades e danos e prexuízos. A entidade demandada defendeu que a compra foi decidida polos propios socios e que a promoción se completou coa entrega das vivendas, polo que non existía responsabilidade pola súa banda.

A Sala desestima o recurso de casación interposto polos socios cooperativistas, confirmando a sentenza da Audiencia Provincial que absolveu á entidade bancaria. Arguméntase que a responsabilidade da entidade depositaria límitase a controlar a apertura da conta especial e a formalización da garantía, non estendéndose a un control exhaustivo do destino dos fondos cando a decisión sobre a súa aplicación foi adoptada polos propios socios en asemblea. Ademais, recoñécese que a finalidade esencial da Lei 57/1968, a construción e entrega das vivendas, foi cumprida. Por tanto, non se aprecia incumprimento nin responsabilidade da entidade bancaria. O fallo é de desestimación do recurso de casación e impóñense as costas aos recorrentes.

Sentenza do Tribunal Supremo (Civil), sec. 1ª, 17-03-2025, nº 408/2025, rec. 3641/2020

O demandante adquiriu unha unidade habitacional nun conxunto residencial xeriátrico promovido por unha cooperativa, realizando achegas anticipadas ao prezo pactado. A cooperativa subscribiu unha póliza colectiva coa aseguradora para garantir a devolución das cantidades anticipadas, pero dita póliza foi cancelada antes da entrega da vivenda, e a promoción fracasou debido á declaración de concurso da cooperativa. O demandante, que xa era propietario doutras tres vivendas, reclamou á aseguradora a devolución das cantidades anticipadas máis intereses, alegando que a adquisición tiña finalidade residencial e que a póliza colectiva debía ampararlle.

A aseguradora opúxose alegando que a adquisición tiña finalidade investidora, que a póliza colectiva foi cancelada e carecía de validez, e que a Lei 57/1968 non era aplicable. A primeira instancia estimou a demanda, pero a Audiencia Provincial revogou a sentenza, concluindo que non se probou a finalidade residencial e que, por tanto, non era aplicable a Lei 57/1968 nin a responsabilidade da aseguradora colectiva. O demandante interpuxo recursos extraordinarios e de casación, que foron desestimados polo Tribunal Supremo.

O Tribunal Supremo desestima os recursos interpostos polo demandante, confirmando a sentenza da Audiencia Provincial que desestimou a demanda. Recoñécese que o demandante non acreditou suficientemente a finalidade residencial da adquisición, dado que xa posuía outras vivendas e non xustificou a necesidade de residir na unidade habitacional adquirida, que formaba parte dun complexo xeriátrico. En consecuencia, non é aplicable a Lei 57/1968, que protexe aos adquirentes con finalidade residencial, e por tanto non procede a responsabilidade da aseguradora colectiva nin a devolución das cantidades anticipadas. O fallo impón as costas á parte recorrente e confirma a desestimación da demanda por falta de fundamento xurídico para a reclamación.

Sentenza do Tribunal Supremo (Civil), sec. 1ª, 4-03-2025, nº 324/2025, rec. 4585/2019

A demandante subscribiu un contrato de compravenda de vivenda en construción cunha promotora, realizando anticipos por un total de 18.190 euros segundo un calendario de pagos pactado. A promotora entregou un aval individual expedido pola entidade bancaria avalista que garantía ata 6.000 euros. Tras o incumprimento da promotora, a demandante iniciou un primeiro litixio en 2008 reclamando a devolución dos anticipos, limitando a reclamación contra o banco ao importe do aval individual, obtendo sentenza favorable por 6.000 euros máis intereses. Posteriormente, en 2016, a demandante interpuxo un segundo litixio contra o banco para reclamar o resto das cantidades anticipadas non cubertas polo aval individual, fundamentando a súa demanda na improcedencia de respectar os límites cuantitativos do aval e na responsabilidade do banco como avalista colectivo e receptor dos anticipos.

A Sala estima o recurso extraordinario por infracción procesual interposto pola demandante, anulando a sentenza de segunda instancia que desestimou a demanda. Recoñécese que non existiu cousa xulgada nin preclusión que impidise a reclamación posterior, dado que no primeiro litixio non existía xurisprudencia consolidada sobre a improcedencia de respectar os límites cuantitativos do aval. Confírmase a responsabilidade do banco avalista pola totalidade das cantidades anticipadas pola compradora, independentemente da forma de pago ou ingreso, conforme á Lei 57/1968 e a doutrina xurisprudencial aplicable. Condénase ao banco para pagar a cantidade reclamada de 12.190 euros máis os intereses legais desde cada anticipo ata o seu completo pago. Desestímase as costas dos recursos e segunda instancia, impoñéndose ao banco as costas de primeira instancia. O fallo é de estimación parcial do recurso de apelación e estimación do recurso por infracción procesual e casación, por vulneración de dereitos procesuais e aplicación correcta da normativa e xurisprudencia.

A sentenza destaca a consolidación xurisprudencial que impide limitar a responsabilidade do banco avalista ao importe do aval individual cando o comprador anticipou cantidades superiores, establecendo que o aval debe cubrir a totalidade dos anticipos e os seus intereses, independentemente da forma de pago ou ingreso en conta. Ademais, clarifica a aplicación da cousa xulgada e preclusión en litixios sucesivos cando a xurisprudencia evoluciona e o interese do demandante non puido satisfacerse plenamente no primeiro proceso.

Tribunal Supremo (Civil), sec. 1ª, S 04-03-2025, nº 324/2025, rec. 4585/2019

A demandante subscribiu un contrato de compravenda de vivenda en construción cunha promotora, realizando anticipos por un total de 18.190 euros segundo un calendario de pagos pactado. A promotora entregou un aval individual expedido pola entidade bancaria avalista que garantía ata 6.000 euros. Tras o incumprimento da promotora, a demandante iniciou un primeiro litixio en

2008 reclamando a devolución dos anticipos, limitando a reclamación contra o banco ao importe do aval individual, obtendo sentenza favorable por 6.000 euros máis intereses. Posteriormente, en 2016, a demandante interpuxo un segundo litixio contra o banco para reclamar o resto das cantidades anticipadas non cubertas polo aval individual, fundamentando a súa demanda na improcedencia de respectar os límites cuantitativos do aval e na responsabilidade do banco como avalista colectivo e receptor dos anticipos.

A Sala estima o recurso extraordinario por infracción procesual interposto pola demandante, anulando a sentenza de segunda instancia que desestimou a demanda. Recoñécese que non existiu cousa xulgada nin preclusión que impidise a reclamación posterior, dado que no primeiro litixio non existía xurisprudencia consolidada sobre a improcedencia de respectar os límites cuantitativos do aval. Confírmase a responsabilidade do banco avalista pola totalidade das cantidades anticipadas pola compradora, independentemente da forma de pago ou ingreso, conforme á Lei 57/1968 e a doutrina xurisprudencial aplicable. Condénase ao banco para pagar a cantidade reclamada de 12.190 euros máis os intereses legais desde cada anticipo ata o seu completo pago. Desestímase as costas dos recursos e segunda instancia, impoñéndose ao banco as costas de primeira instancia. O fallo é de estimación parcial do recurso de apelación e estimación do recurso por infracción procesual e casación, por vulneración de dereitos procesuais e aplicación correcta da normativa e xurisprudencia.

A sentenza destaca a consolidación xurisprudencial que impide limitar a responsabilidade do banco avalista ao importe do aval individual cando o comprador anticipou cantidades superiores, establecendo que o aval debe cubrir a totalidade dos anticipos e os seus intereses, independentemente da forma de pago ou ingreso en conta. Ademais, clarifica a aplicación da cousa xulgada e preclusión en litixios sucesivos cando a xurisprudencia evoluciona e o interese do demandante non puido satisfacerse plenamente no primeiro proceso.

Tribunal Supremo (Social), sec. 1ª, S 25-09-2025, nº 775/2025, rec. 1266/2024

O recurso de casación para a unificación de doutrina foi interposto pola Letrada da Administración da Seguridade Social contra a sentenza ditada pola Sala do social do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón.

O problema xurídico versa sobre se existe ou non unha relación laboral entre a empresa INTERNATIONAL CASING PRODUCTS SLU (en diante, ICP) e os socios cooperativistas de Auga Sociedade Cooperativa Galega.

Nos Fundamentos de Dereito desta resolución, o Tribunal sinala que Auga Sociedade Cooperativa Galega, a pesar de cumprir formalmente os requisitos da normativa de cooperativas, actúa na realidade como unha mera intermediaria de man de obra e que non existe unha auténtica estrutura organizativa propia nin actividade material empresarial autónoma, considerándose por tanto que o verdadeiro empregador é a empresa principal ICP. E iso en canto a cooperativa non organiza, nin dirixe, nin controla, de maneira efectiva e real, os traballos que realizan os socios cooperativistas en ICP, así como tampouco asume as responsabilidades nin os riscos económicos propios dunha empresa, non achega medios materiais nin estrutura humana, ofrecendo unicamente forza de traballo para as súas empresas clientes, de modo que o que presta non é un servizo, senón que actúa como intermediaria entre a empresa cliente e os socios traballadores, os cales se incorporan física e funcionalmente ao seu proceso produtivo.

Por iso, o Tribunal Supremo resolve que a relación dos cooperativas con ICP debe ser considerada unha relación laboral para todos os efectos.

11.- Mantemento dun sistema permanente de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas, acerca das novidades normativas, con análise dos principais aspectos que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.

A actividade normativa analizada evidencia a superación dunha intensa etapa reformista no que atinxe á remoción de cantos condicionantes puidesen lastrar a competitividade das entidades pertencentes á economía social no mercado e, en concreto, das cooperativas Pechada esta etapa, apréciase a emerxencia doutra centrada, por unha banda, na reforma do marco normativo que abrangue as actividades de voluntariado e, por outra banda, na promoción das medidas orientadas ao propiciar o tránsito dunha economía lineal a outra circular.

A primeira tendencia atopa a súa orixe nunha transformación da actividade de voluntariado catalizada e evidenciada coa implicación da cidadanía na axuda ás vítimas da DANA que tivo lugar en Valencia en outubro do ano 2024. A emerxencia de variantes informais de axuda xustifica que, precisamente nesa comunidade, se promulgara unha norma orientada a dar cabida a estas formas

espontáneas nas que se manifestou o compromiso cidadán á par que reforzara o marco xurídico aplicable ás entidades que canalizan o voluntariado de xeito estrutural. A mesma catástrofe deu lugar á adopción de medidas puntuais que atinxen directamente ás cooperativas, como a que permite aplicar o fondo de formación e promoción cooperativa coa finalidade de paliar os efectos do temporal do 29 de outubro na provincia de Valencia.

Mostra da segunda tendencia é o Acordo do 18 de febreiro de 2025, do Consello de Goberno, polo que se aproba a formulación da Estratexia Andaluza para a Economía Circular, inspirado pola consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable que dará cobertura xurídica á elaboración dunha Estratexia baseada nunha diagnose previa orientada a adoptar as medidas pertinentes para transformar o vixente xeito de producir en prol doutro que limite a produción de refugallo, sexa mediante a súa evitación, sexa mediante o novo uso dos materiais empregados nos procesos produtivos. Sexa como for, este Acordo constitúe a primeira pedra na construción dun modelo produtivo no cal as entidades pertencentes á economía social están chamadas a desempeñar un papel protagonista.

Andalucía

Acordo do 18 de febreiro de 2025, do Consello de Goberno, polo que se aproba a formulación da Estratexia Andaluza para a Economía Circular

Contén unha serie de medidas adoptadas ante a necesidade de cambiar o actual modelo produtivo lineal, baseado na extracción de recursos naturais que, unha vez transformados en produtos e utilizados, son refugados e acumulados en forma de residuos, por outro baseado susceptible de compatibilizar o crecemento económico cunha utilización eficiente dos recursos, minimizando a xeración de residuos e promovendo a reutilización daqueles que non poidan ser evitados.

A fin de transitar cara a ese modelo apróbase a Estratexia Andaluza para a Economía Circular. Esta norma limítase a precisar que dita Estratexia conterá: unha análise e diagnóstico que permitan orientar as liñas de actuación da Estratexia; a delimitación da súa finalidade e alcance temporal; un marco de principios orientadores; a determinación dos obxectivos estratéxicos perseguidos; a definición e desenvolvemento dunha estrutura orientada á consecución dos obxectivos estratéxicos e unha sistemática de medición e avaliación que permita efectuar un seguimento periódico dos resultados obtidos a partir dun conxunto de indicadores específicos aliñados cos establecidos a nivel europeo.

Para ese efecto, encomenda á Consellería de Sustentabilidade e Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Sustentabilidade Ambiental e

Economía Circular garantindo a participación da cidadanía e dos diversos grupos de interese.

Aragón

Orde HAP/662/2025, do 3 de xuño, pola que se concretan os departamentos, organismos e contratos sobre os que se materializará a reserva de contratos a favor de centros especiais de emprego e empresas de inserción para o exercicio 2025

O artigo 43 da Lei 11/2023, do 30 de marzo, de uso estratéxico da contratación pública da Comunidade Autónoma de Aragón, prevé as reservas sociais de contratos a favor de centros especiais de emprego e empresas de inserción e determina que, con periodicidade anual, a Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma fixará a porcentaxe mínima do importe que han de alcanzar estas reservas sociais en relación co sector público autonómico. A devandita porcentaxe calcularase tomando como base o importe total anual da contratación de subministracións e servizos ligada ao funcionamento ordinario realizado no último exercicio pechado. A disposición adicional décimo oitava da Lei 17/2023, do 22 de decembro, de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Aragón para o exercicio 2024, establecía que a porcentaxe mínima de contratos reservados para o exercicio 2024 sería do 3%.

Segundo establécese no apartado 5 do artigo 44 da Lei 11/2023, do 30 de marzo, ao comezo de cada exercicio orzamentario aprobarase por orde do Departamento competente en facenda unha previsión dos contratos ou lotes que vaian ser obxecto de reserva por parte dos entes do sector público autonómico de Aragón durante ese ano, da que se dará conta ao Goberno de Aragón.

En virtude da competencia citada, e remitindo a relación de contratos os departamentos da Administración da Comunidade Autónoma de Aragón e as entidades dependentes que teñen a consideración de poder adxudicador, a citada Orde dispón a reserva, no procedemento de adxudicación dos contratos que se relacionan no seu texto, promovidos polos departamentos e as entidades dependentes que teñen a consideración de poder adxudicador, a Centros Especiais de Emprego debidamente cualificados e rexistrados no Rexistro de Centros Especiais de Emprego da Comunidade Autónoma de Aragón de certas cantidades.

Comunidade Valenciana

Lei 4/2025, de 22 de maio, da Generalitat, de voluntariado da Comunidade Valenciana

A presente lei ten por obxecto promover e facilitar a participación solidaria da cidadanía en actividades de voluntariado; establecer o réxime xurídico da acción solidaria e voluntaria organizada, regulando a relación entre as persoas

voluntarias e as entidades de voluntariado; facilitar a colaboración das persoas voluntarias e as entidades de voluntariado coas Administracións Públicas e definir as funcións destas no ámbito das súas competencias en materia de voluntariado.

Consonte ao seu art. 2, a Lei será de aplicación ás actividades de voluntariado, ás persoas voluntarias, ás persoas destinatarias da acción voluntaria e ás entidades de voluntariado que participen, benefíciense ou leven a cabo programas de voluntariado, así como a aquelas entidades que sen ter a consideración de entidades de voluntariado realizan accións de solidariedade sempre e cando desenvolvan a súa actividade no territorio da Comunitat Valenciana e en relación coas competencias propias da mesma.

En canto ás principais novidades introducidas por esta norma, cómpre destacar a concepción do voluntariado como “ponte entre o persoal e o social”, isto é, “entre seres, coas súas singularidades, dimensión humana e ética, e a acción social”. De aí deduce a xustificación que explica a diversidade a través da cal se expresa a acción voluntaria, á que pretende dar resposta atendendo a un amplo elenco susceptible de abranguer, dende manifestacións informais ata as estruturadas en organizacións, sen esquecer variantes de recente aparición, coma o voluntariado dixital. Coa fin de atender a esta diversidade, esta norma introduce a figura das accións de solidariedade, diferenciándoas das actividades de voluntariado co fin de recoñecer e fomentar distintas formas de participación cidadá no ámbito da solidariedade. As accións de solidariedade configúranse como actuacións puntuais ou continuadas de carácter altruísta, que poden ser realizadas por persoas físicas en coordinación con entidades específicas, sen requirir a formalidade e estrutura propias das entidades de voluntariado. Esta distinción responde á necesidade de impulsar unha primeira toma de contacto co compromiso social, que pode ser o paso previo ao desenvolvemento dun voluntariado máis organizado e formalizado. Ao diferenciar ambos os conceptos, preténdese destacar o rol fundamental das entidades de voluntariado a fin de artellar o voluntariado estruturado, responsable e susceptible de garantir os dereitos tanto das persoas voluntarias como das beneficiarias da súa acción, promovendo así unha participación cidadá máis sólida e comprometida.

Resolución do 13 de marzo de 2025, pola que se adopta unha medida extraordinaria para flexibilizar de forma temporal o uso do fondo de formación e promoción cooperativa coa finalidade de paliar os efectos do temporal do 29 de outubro na provincia de Valencia

A resultas dos efectos provocados pola DANA, dítase esta solución para proporcionar seguridade xurídica ás operacións que as cooperativas valencianas realicen no seu fondo de formación e promoción cooperativa coa finalidade de contribuír á reparación dos efectos desa catástrofe. Adóptase esta reolución tendo en conta que nas áreas sinistradas concéntranse 478 cooperativas, o que

supón ao redor do 30% de todas as que se atopan en activo na provincia de Valencia. Consonte á mesma, considérase que calquera recurso investido en responder a circunstancias de emerxencia ou mitigar os efectos de catástrofes, climáticas ou de calquera outra índole, atópase cuberto polo concepto máis amplo de reparación do dano sufrido. En consecuencia, esta resolución vén clarificar este aspecto en relación concreta á traxedia provocada pola referida DANA.

Polos devanditos motivos, o fondo de formación e promoción cooperativa regulado no apartado 6 do artigo 72 do Decreto legislativo 2/2015, do 15 de maio, do Consell, polo que aproba o texto refundido da Lei de cooperativas da Comunitat Valenciana, poderá tamén ser destinado, total ou parcialmente, por unha banda, a calquera acción que contribúa a reparar, reconstruír ou mitigar os efectos da catástrofe provocada pola DANA do día 29 de outubro na provincia de Valencia. Consideraranse incluídas neste suposto os investimentos ou gastos para reparar ou substituír bens ou activos danados; as doazóns a entidades públicas ou privadas destinadas a reparar danos causados ás persoas ou empresas damnificadas; as compensacións, entregas, axudas ou doazóns a persoas socias ou traballadoras, ou os seus familiares, afectadas pola catástrofe; e calquera outras actuacións que a propia cooperativa emprenda coa finalidade de paliar os efectos da DANA. Pola outra banda, a financiar á propia cooperativa titular do Fondo e co fin de dotar de liquidez temporal á cooperativa afectada. Para estes efectos, o fondo de formación e promoción cooperativa destinado a esta finalidade deberá ser restituído pola cooperativa nun prazo máximo de dez anos contados desde o momento da súa disposición efectiva á finalidade prevista excepcionalmente, destinando, polo menos, o 30% dos resultados de libre disposición que se xeren cada ano, ata que alcance o importe que devandito fondo tiña no momento de adopción da decisión da súa aplicación excepcional.

12. Apoio e asesoramento que precise a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a redacción da nova Lei de Cooperativas de Galicia.

Emitíronse dous informes sobre consultas sobre o articulado nas cooperativas de vivendas que foron solicitados pola Consellería

d) Dotación material

13.- Adquisición de bibliografía especializada.

Este ano dotouse para a Biblioteca da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, das seguintes publicacións, para o uso tanto dos investigadores galegos como dos estudantes da USC:

- CIRIEC-España, Revista de Economía Social y Cooperativa
- CIRIEC-España, Revista Jurídica de Economía Pública, Social y Cooperativa
- Revista “Estudios de Economía Aplicada” da asociación científica ASEPELT

14. *Mantemento e actualización da web da CECOOP e a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos fins do CECOOP*

Neste apartado figura o abono do webmaster - a USC non se fai cargo da páxina web do CECOOP, aínda que se sitúe enlazada na páxina web oficial da Universidade -, e de mantemento e consumibles dos ordenadores, impresoras e cables de conexión para compatibilizar os ordenadores coas instalacións da facultade de CCEE e de Dereito. Inclúense tamén os gastos de actualización de software e mantemento de equipos utilizados polos investigadores do CECOOP.

A páxina web recolle as publicacións do CECOOP, así como os relatorios de interese elaborados por investigadores do CECOOP ou por participantes en mesas, seminarios ou xornadas celebradas con arranxo aos convenios de colaboración.

e) Actualización do Portal Estatístico da Economía Social en Galicia (GALESTAT)

A Universidade de Santiago de Compostela, a través do CECOOP, ten asinado un convenio para a creación e mantemento do Portal Estatístico da Economía Social Galega (GALESTAT) cun conxunto de actividades recollidas na cláusula primeira do convenio:

“O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Universidade de Santiago de Compostela para a actualización da información recollida no Portal Estatístico da Economía Social Galega (GALESTAT) a través do Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP) durante o ano 2025, cuxo obxectivo consiste en ofrecer de forma permanente e continuada no tempo a información estatística máis relevante dos diferentes actores que integran a Economía Social no ámbito dos produtores de mercado”.

Asemade na cláusula segunda, recóllese que a Universidade de Compostela comprométese a:

Levar a cabo, a través do CECOOP, a actualización da información recollida no portal estatístico da Economía Social en Galicia (GALESTAT). A dita información responde ás seguintes variables clasificatorias, en función dos datos dos que se poidan dispoñer para cada tipo de empresa.

<https://galestat.com/>



Para dar cumprimento ao recollido nas cláusulas primeira e segunda, actualizáronse as seguintes táboas coa información dispoñible das diversas fontes consultadas:

A- DATOS DA ECONOMÍA SOCIAL DE MERCADO

COOPERATIVAS

Series.

SC1. Cooperativas inscritas na Seguridade Social e empregos por réxime de cotización. Galicia e provincias. 1999-2024

SC4. Número de cooperativas constituídas e socios iniciais. Galicia e provincias 1999-2023.

SC5. Socios iniciais de cooperativas por tipo. Galicia e provincias 2013-2023

SC6. Nº de cooperativas de traballo asociado constituídas e socios iniciais por sector. Galicia e provincias 1999-2023.

SC7. Emprego nas cooperativas galegas inscritas no Réxime Xeral da Seguridade Social por sexo e provincia 2008-2024

Táboas anuais

C6. Cooperativas en Galicia 2023

SOCIEDADES LABORAIS

Series.

SL1. Sociedades laborais inscritas na Seguridade Social e empregos por empregos e réxime de cotización. Galicia e provincias. 1999-2024

SL2. Centros de cotización e empregos de sociedades laborais por sector de actividade. Galicia e provincias 1999-2023.

SL3. Emprego nas sociedades laborais inscritas na Seguridade Social por sexo. Galicia e provincias 2013-2024.

SL4. Sociedades laborais rexistradas por tipo e sector. Galicia e provincias 1999-2024.

SL5. Socios iniciais das sociedades laborais rexistradas por tipo e sexo. Galicia e provincia 1999-2024.

SL6. Socios iniciais sociedades laborais rexistradas por sector de actividade. Galicia e provincias 1999-2024.

Táboas anuais

L6. Sociedades laborais en Galicia. 2023

CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

CEE6. Centros Especiais de Emprego en Galicia. 2023

EMPRESAS DE INSERCIÓN

EI6. Empresas de Inserción en Galicia. 2023

MUTUAS E MUTUALIDADES

MM7. Mutuas e Mutualidades en Galicia. 2023

SOCIEDADES AGRARIAS DE TRANSFORMACIÓN

SAT6. Sociedades Agrarias de Transformación en Galicia. 2023

CONFRARÍAS DE PESCADORES

CP6. Confrarías de Pescadores en Galicia. 2023

COMUNIDADES E MANCOMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

CMMVMC6. Comunidades e Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común. 2023

B- OUTROS

Novas e axenda da economía social:

Congreso Nacional sobre fomento de la economía social

VI Semana Universitaria da Economía Social 2025

Aberto o prazo de inscrición para un programa de fomento do emprendemento en cooperativas no marco do proxecto ES-Factory

Publicacións do CECOOP

Informe sobre a Economía Social en Galicia 2023

A actualización dos datos correspondentes ao ano 2024 e que se recollen no Informe da Economía Social de Galicia 2024 se realizará en canto se presente dito informe.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2025.